

Lanzar eirugas

Sinxelo xogo: dúas persoas deben pararse (enfrentados) sobre uns coxíns. Coas tapas dunhas caixas de cartón deben lanzarse peluches (si tedes con forma de eiruga ou similar sería estupendo). A idea é manter o equilibrio e lograr que o peluche caia dentro da caixa do outro. Traballarase o equilibrio e o control do corpo.



Corpo da eiruga.

O único que precisades son xices de cores para colorear no chan o corpo da eiruga con círculos de distintas cores. Cada cor terá un número diferente de círculos, por exemplo: 6 azuis, 5 verdes, 4 amarelos, 3 vermellos, etc.

Varias posibilidades saltando dun de círculo en círculo:

- Dicindo as cores sobre as que salta.
- Poñerse enriba dos círculos da mesma cor e ir contando as que son da mesma cor e dicir o número ó final.

- Para os que non coñeceran as cores será o adulto o que diga en voz alta a cor sobre a que o peque vai saltando en cada momento.

Traballarase: as cores, números, a coordinación espacial e control do corpo en movemento.

A semana da eiruga.

Colorear unha eiruga formada por círculos e dentro escribiremos (un adulto ou o neno/a si se anima), os días da semana (en orde ou desordenadamente para complicar a actividade).

O neno/a irá lanzando o que a eiruga larpeira come cada día segundo di o conto (pode ser un alimento de xoguete ou debuxado e pegado nunha pelota feita con papel de xornal, de aluminio ou outro material).

Outra posibilidade é substituír as palabras por números e farase o mesmo "lanzamento" de alimentos.

As caixas decoradas poden ser outra opción.



Traballarase letras, números, días da semana, coordinación visomotriz.